

INTRO – ANTE TODO MOITA CALMA – METODOLOXÍA A SEGUIR

PSICOLOXÍA 2020 - 21

2º BACH

Ola a tod@s!!!

Ante todo calma. No tema do ditoso virus e no referente a este raro curso.

Situémonos:

Rematamos (PSICO GRUPO A) ou estamos a rematar (faltan dúas páxinas – PSICO GRUPO B) a teoría do tema 1: A Psicoloxía como ciencia. Para quen estea confinad@ e para quen non, dicirvos que **os apuntamentos son bastante claros**, e, como vedes, nas clases resalto algún que outro aspecto ou reflexiono sobre eles pero **o esencial está nos apuntamentos, tanto para a comprensión dos mesmos, como para unha avaliación positiva nos exames teóricos da materia.**



METODOLOXÍA A SEGUIR

Pese á claridade dos apuntamentos, o que teño pensado é gravar clases (audio) como as “normais” das unidades que falten por traballar, en caso de confinamento, e ir tentando rematar apartados concretos, avanzando cada páxina da teoría, procurando poñer exemplos e explicando aquelas palabras, conceptos, expresións, detalles que supoña vos van dar máis dificultades ou que considere de interese especial. **Ti escoitas a clase COS APUNTAMENTOS DIANTE, POR FAVOR!!!!** E una vez rematada “levantas a man” e envíasme un ou un cento de correos coas posibles dúbidas. A ver que tal. O Curso pasado funcionou moi ben. Lembrade que estas clases deberían servir para sacar adiante o curso con normalidade para aquelas persoas que estean confinadas e para repasar a materia vista para aquelas que poidan asistir ao centro presencialmente. En caso de confinamento total centralizaríamos todo o curso: exames, tarefas, traballos, etc., tanto na “Aula Virtual” como nesta páxina. **“Vémonos!”**. Coidádevos!!!

DÍAS DE CLASE

"CORONAVIRUS" LOGO EXISTO

Lembrede, irei subindo as clases por días segundo nos correspondían no horario (é só unha idea a concretar segundo ordene a consellería, o insti, etc.). Ou sexa:

LUNS: Psicoloxía GRUPO A (AULA 2º D)

MÉRCORES: Psicoloxía GRUPO A (AULA 2º D) e Psicoloxía GRUPO B (AULA 2º A)

XOVES: Psicoloxía GRUPO B (AULA 2º A)

VENRES: Psicoloxía GRUPO A (AULA 2º D) e Psicoloxía GRUPO B (AULA 2º A)